

ORBALLO

Revista Escolar

2022-2023

CEE A BARCIA

Índice de contido

Limiar	3
Infórmate (proxectos do centro)	4
Mans á obra	14
Psicomotricidade	16
Música mestre!	17
Estimulación sensorial	18
Tempo de xogo	19
Citas culturais	20
Saímos do cole	23
De troula!	26
Despedidas	31

Nesta revista encontrarás un resumo ilustrativo de todo este curso. Mais se queres coñecer en profundidade algúns dos proxectos ou actividades que fixemos, recomendámosche que te...

MERGULLES NA REDE!

Cada vez que apareza algún destes dous debuxos, podes clicar enriba del para ver vídeos ou entradas no blog do cole relacionados coa sección correspondente.

Non perdas detalle!



Limiar

Paciencia, constancia, esforzo, ilusión, confianza.

A que vos soan estas verbas? Ímosvos contar un segredo... Todas elas son as sementes ou ingredientes necesarios para obter unha boa colleita cando montas unha horta. E sobre todo, se montas varias!!


Este ano, dende o equipo de Biblioteca animouse á creación das nosas propias hortas na escola, así que puxémonos mans á obra con todos os elementos necesarios (terriña, regadeiras con auga, sementes, rastros e pas...) para que as nosas plantiñas medrasen co esforzo continuado e traballo diario cooperativo. E todos nós, ao igual que as nosas plantiñas e froitos, fomos crescendo, adaptándonos, superando os obstáculos e aprendendo do traballo diario e do esforzo continuado.

Deixamos atrás un curso no que brotaron moitas experiencias, de acollida de novos compañeiros e compañeiras, no que colleitamos momentos emotivos, de aprendizaxes e de despedidas. Convidámosvos a recordar moitos eles ollando as seccións da nosa revista escolar deste curso tan intenso e inesquecible.



"Miña terra, miña terra,
terra donde me eu criei,
hortiña que quero tanto,
figueiriñas que prantei..."

Rosalía de Castro



InFórmate!

Este curso participamos nunha chea de proxectos multidisciplinares cos que abordamos temáticas de todo tipo, dende como poñer en marcha e coidar unha horta, a práctica diaria de hábitos saudables, ata a creación dunha curta animada a través do *stop motion*.

QUERES SABER MÁIS?

Nesta sección podes **informarte** dos proxectos de **formación** que realizamos e ver un resumo de todo o que aprendemos con eles. Non o perdas!

PDI Biblioteca
"A nosa horta"

CONTRATOS
PROGRAMA

PLANS
PROXECTA +

Formación
profesorado

PDI Biblioteca "A nosa horta"



Cada ano, o equipo de Biblioteca proponnos unha temática para traballar todo o centro durante o curso de xeito interdisciplinar. É o que chamamos *Proxecto Documental Integrado* (PDI) e este ano titulouse...




"A NOSA HORTA"

Todas as clases do cole participamos creando pequenas hortas de aula, poñendo en marcha un carriño de cultivo, traballando no invernadoiro e en macetas no patio... Probamos con leitugas, cabzas, amorodos, allos, herbas aromáticas, entre outras moitas. E practicamos a observar, regar, limpar e quitar malas herbas, ulir, probar...

CÓNTAME UN CONTO...



"Ainda nada?"





CONTRATOS PROGRAMA

Un novo curso participamos en **tres Contratos Programa**, proxectos a través dos cales traballamos a promoción de hábitos saudables, así como a inclusión e benestar no alumnado do cole.

EDUSAÚDE
C.P. INNOVA


TERAPIA CANINA
C.P. INCLÚE-T

PLAN BENESTAR EMOCIONAL
C.P. EMOCIÓN-A-T

EDUSAÚDE

Practicamos un estilo de vida saudable no cole todos os días, levando a cabo accións que nos axudan a crecer sans, activos, de xeito equilibrado e aprendendo como debemos coidarnos ante diferentes situacións.

CONTRATOS
PROGRAMA




CP innova

Hixiene e coidado do corpo

PROTEXÉMONOS DO SOL!

1. NON ESTAR AO SOL ENTRE AS 12 DO MEDIODÍA E AS 4 DA TARDE.
2. BUSCAR ZONAS DE SOMBRAS.
3. BEBER CON FRECUENCIA AUGA (NON BEBIDAS CON AZÚCRE).
4. COMER VERDURAS E FRUTAS. EVITAR COMIDAS MOI PESADAS.
5. POÑER CREMA DE SOL NA CARA, BRAZOS E PERNAS. TAMÉN NOS BEIZOS.
6. SE ESTÁS AO SOL POÑER GORRA E GAFAS DE SOL (MERCADAS NAS ÓPTICAS).
7. USAR ROUPA POUCO AJUSTADA, DE CORES CLARAS (NON ESCURAS).
8. CALZADO CÓMODO E FRESCO (PARA QUE NON SUEN OS PÉS).
9. ESTAR EN SITIOS VENTILADOS OU ACONDICIONADOS. BAXAR AS PERSIANAS SE O SOL DA NA FINESTRA.
10. SE TES MOITA CALOR... REFRESCA A CABEZA OU TOMA UNHA DUCHA FRESCUÍLA.




Actividade física diaria



Descanso e ocio dinámico



Alimentación equilibrada



€ moito máis...




Este programa estivo moi vinculado ao traballo cos proxectos de **ALIMÉNTATE BEN** e **UNHA MILLA DIARIA** (para saber máis, podes ver a sección dos Plans Proxecta, a partir da páxina 8).



CONTRATOS PROGRAMA

TERAPIA CANINA

Os venres tivemos terapia canina no centro, co fin de mellorar o benestar dos nosos cativos e cativas. Con cada visita facilítase a comunicación, a resposta ante estímulos, as emocións positivas, reducir o medo e a ansiedade e favorecer a confianza.



Os cans teñen moita paciencia cos nosos nenos/as e sempre nos acollen con ledicia e amizade.



PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL

A través deste plan creamos experiencias para traballar as emocións, identificalas e vivencialas, fomentando a cooperación, a empatía e a convivencia.

Fixémolo a través de contos e obradoiros sensoriais, con actividades grupais entre as aulas dos niveis, con imaxes, debuxos...

Ata fixemos un vídeo resumo de moitos momentos do curso no que a ledicia e a felicidade foron protagonistas.



NON O PERDAS!

PLANS PROXECTA



ALIMÉNTATE BEN

Fomentouse no centro unha alimentación equilibrada a través de obradoiros, xogos, contos, sinalizacións no comedor e ata cunha saída escolar ao súper.

PARA SABER MÁIS... PÁX. 9



UNHA MILLA DIARIA

Cada día percorremos unha milla, ben polas instalacións do cole, ben pola contorna do mesmo.

Este ano a milla tivo como tema "O camiño dos faros", para coñecer un pouco máis Galicia.

PARA SABER MÁIS... PÁX. 10



MOBILIDADE SOSTIBLE E SEGURA

Traballamos a Educación Viaria co fin de aprender a ser peóns responsables. Aproveitamos a Milla Diaria para practicar as normas de circulación.

PARA SABER MÁIS... PÁX. 11

InFórmate!



NÓS TAMÉN CREAMOS

Creamos unha curta de animación utilizando a técnica de Stop Motion, baseándonos no conto de "Non fai falta a voz".

PARA SABER MÁIS... PÁX. 12

ALIMENTATE BEN

Unha boa alimentación é a base para ter un estilo de vida saudable, e diso no CEE A Barcia sabemos moito. Con este proxecto coñecemos alimentos sans, aprendemos a utilizalos en diferentes receitas no apartamento do cole, fixemos xogos e obradoiros con froitas, contamos contos sobre a temática e participamos en saídas e actividades no centro sobre bos hábitos alimentarios.



Actividade "Fai clic ao teu bocata"



Infórmate!

- CONSELLOS
- OBRADOIROS
- VISITAS
- SAÍDAS
- RECEITAS



CÓNTAME UN CONTO...



"Cimón"



UNHA MILLA DIARIA

De novo, este curso retomamos "Unha milla diaria", un proxecto que consiste en camiñar uns 1,6 km cada mañá como forma de crear un hábito saudable. É unha actividade sinxela que saca durante un ratiño aos nenos e nenas da súa rutina e, en boa compañía, camiñan felices ao tempo que favorecen a súa saúde e regresan máis relaxados ás aulas.

Este ano a milla diaria tivo como temática "O camiño dos faros", co fin de ir percorrendo km a km de xeito simbólico diferentes rutas da costa galega.



Temos varios itinerarios, en función da climatoloxía do día, e realizámola tanto dentro das instalacións do centro como polos arredores do mesmo. Incluso facemos paradas nalgún bar da zona para retomar forzas.

Os nenos chegan esgotados, pero volven con mellor concentración e rendemento na aula.



InFórmate!

Para saber máis...
MERGÚLLATE NA REDE!



Recordades que durante o curso pasado tamén traballamos a milla diaria relacionándoa co Camiño de Santiago? Pois obtivemos un premio por promover boas prácticas educativas con ese traballo.

Que ilusión este recoñecemento!


SOMOS UNHA AUTÉNTICA MAREA AMARELA

MOBILIDADE SOSTIBLE E SEGURA



Durante todo o curso practicamos as normas básicas de Educación Viaria, traballando nas aulas os diferentes elementos clave sobre o tema (que é un paso de peóns, que significan as sinais e semáforos, que é a rúa e beirarrúa...).

Ademais, un grupiño de alumnado que fixo a milla diaria pola contorna do cole, aproveitou para ver e aplicar todas esas normas de circulación polos arredores das nosas instalacións.



Creamos sinais, semáforos, fixemos algunhas actividades interactivas sobre o tema...

Tamén tivemos a visita no centro de membros da DXT, os que nos axudaron e mostraron a través de circuitos como ser uns bos peóns responsables.



Para saber máis...
MERGÚLLATE NA REDE!



NÓS TAMÉN CREAMOS

Nos tamén creamos! é un programa de promoción da lingua galega na aula por medio da creatividade e da incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación. Trátase dun traballo en equipo que tivo como produto final unha curtametraxe en galego coa técnica stop motion a partir do conto "Non fai falta a Voz".



Para crear a curta tivemos que facer unha morea de tarefas e preparativos previos nos que traballamos arreo durante meses.

Deseñamos escenarios e personaxes, créamolos e montámoslos, gravamos os sons e voces do conto... E o máis laborioso de todo! Fixemos centos e centos de fotografías para que a curta fose animada.

InFórmate!



Para saber máis...
MERGÚLLATE NA REDE!



proxecta+



Aínda non podemos ensinarvos o resultado final do vídeo (presentámolo a un concurso), mais estade moi atentos e atentas ás nosas redes porque prontiño vos informaremos.

Iso si, no cole xa fixemos a estrea oficial da curta, con photocall incluído. Que bonita nos quedou!



FORMACIÓN PROFESORADO

No noso cole non só son os nenos e nenas os que aprenden cada día. Os nosos mestres tamén traballaron arreo este curso para mellorar e aprender moitas cousiñas a través de diferentes cursos e plans de formación.

Participaron en catro grandes plans formativos relacionados con catro temáticas:

- **Dinamizando Plan Dixital** do centro
- **Biblioteca Escolar** como fonte de recursos
- **Fomentando un estilo de vida saudable**
- **Estimulación temperá na Educación Especial**



Xornada de formación sobre Salas Snoezelen.



Prácticas de simulacro de incendio no centro.

Estas liñas de formación de profesorado estiveron relacionadas co traballo organizado a través dos Contratos Programa e Plans Proxecta.



Sesión de formación entre iguais no curso "Do conto á curta".

E fixeron outros cursos formativos como por exemplo:

- **Do conto á curta**
- **Formación en autoprotección e simulacro de avaliación**



Equipo de Biblioteca en acción.

NOVA CDU PARA A CATALOGACIÓN


ANIMAIS	ESTACIÓNS	MATEMÁTICAS	NATUREZA	XEOGRAFÍA E HISTORIA
COLECCIÓN	XENERALIDADES	NADAL	COCINA	SAMAIN
EMOCIÓNS	TECNOLOXÍA	XOGOS	MÚSICA	SENSORIAIS
TEATRO	CÓMIC	CLÁSICOS	ARTE E PINTURA	RELIXIÓN

PICTOGRAMAS ARASAAC

Traballo de catalogación na Biblio.

Mans á obra

Nesta sección presentamos o excepcional traballo que se leva a cabo no noso centro por parte dos alumnos e das alumnas. No colexio vemos as nosas aulas coma un **espazo inclusivo e seguro** para todo o alumnado, proporcionando un ambiente no que cada un/unha teña a oportunidade de medrar e desenvolverse coma individuo. A continuación móstrase un pequeno resumo de como se alcanzan os obxectivos e se adquiren habilidades para a vida diaria.



Cada aula adaptámonos ás nosas necesidades e abordamos os contidos tanto de xeito globalizado a través de proxectos temáticos, como de forma específica en cada área.

AUTONOMÍA E HABILIDADES DA VIDA DIARIA



NATUREZA



ESTACIÓNS



CONTOS



ELECTRÓNICA NA AULA 3

Primeiro partimos de circuitos moi básicos, unha lámpada e unha pila, logo facemos representacións de circuitos con cordeis e debuxos de elementos da electrónica (lámpadas, resistencias, interruptores e pilas), logo traballamos no ordenador con software que emula circuitos Tinkercad e finalizamos co proxecto final de facer un semáforo.



Psicomotricidade

O coñecemento do noso corpo, dos seus movementos, das posibilidades motrices, do equilibrio, forza ou coordinación, entre outros moitos aspectos, son claves para manterse sans e activos, así como para manexarnos no día a día.

Durante o curso dedicamos parte das nosas xornadas a traballar o corpo e optimizar as nosas posibilidades individuais. A través do xogo, do traballo en equipo, da imitación ou da experimentación espontánea, aprendemos a utilizar o noso corpo e a coidalo.

MIRADE QUE BEN O PASAMOS!



Música mestre!

A música forma parte do noso día a día, nas aulas, nos recreos, nos momentos de xogo... A través dela aprendemos, experimentamos, sentimos, emocionámonos, relaxámonos.





QUE FARIAMOS NÓS SEN A MÚSICA?

E o mellor de todo é que cada un de nós temos preferencias moi diversas. A algúns gústanos a música clásica, a outros a moderna; uns preferimos a pandeireta e outros o saxo; gústanos tocar sós e acompañados; temos fans de Queen e de Shakira; hai quen se sabe todos os Cantaxogos; a algúns encántalles coller o micrófono; outros bailamos e aplaudimos con moita emoción.



O 22 de novembro celebramos o Día da Música facendo un pequeno vídeo que non debes perder.

Coas miñas mans



Estimulación sensorial



AULA MULTISENSORIAL


A estimulación sensorial é un dos piares cos que traballamos no cole. A través da propiocepción, das sensacións corporais ou da percepción de estímulos a través dos sentidos, somos capaces de mellorar as nosas capacidades.



No centro temos a sorte de contar cunha **aula multisensorial** onde os nenos e nenas imos a traballar por quendas para optimizar o noso desenvolvemento.



Alguns traballámola para mellorar a nosa comunicación e interacción, outros usámola para ser capaces de aumentar a nosa atención, de vez en cando experimentamos con sensacións totalmente novas e descoñecidas, outras veces simplemente nos relaxamos...



ESTIMULACIÓN NAS AULAS

Pero tamén traballamos nas nosas aulas a través dos sentidos, usamos contos sensoriais, aproveitamos elementos da natureza, creamos materiais sensoriais...



Citas culturais

Ao longo do curso conmemoramos a figuras ilustres da nosa cultura e homenaxeamos algúns fitos históricos en datas sinaladas. Son as nosas "**Citas culturais**" do cole. Nesta sección deixámosvos algunhas delas...

DÍA DA NON VIOLENCIA E A PAZ





Traballamos a paz a través de contos, participamos nunha solta de pombas e creamos as nosas propias tanto nas aulas coma no patio.

(30 xaneiro)



ROSALÍA DE CASTRO

(23 febreiro)



Cada aula creamos unha versión do retrato de Rosalía e montamos unha exposición colgante na galería do cole.

Tamén xogamos con quebracabezas e ata fixemos unha busca do tesouro, na que tiñamos que atopar a unha Rosalía pequeniña en formato boneca de trapo.



DÍA DA MULLER TRABALLADORA

Un grupiño de rapaces preparamos un mural conmemorando a todas as mulleres loitadoras, traballadoras e que foron superando os obstáculos do seu camiño. (8 marzo)



Dende aquí queremos agradecerlle a todas as nosas heroínas, as que todos temos ao noso carón, a axuda que nos brindan e o apoio incondicional.



DÍA DO LIBRO (23 abril)

Polo día do libro, o equipo de Biblioteca propúxonos crear un conto compartido e viaxeiro entre as aulas.

Cada clase encargámonos de crear unha páxina do conto e mirade como nos quedou...

LETRAS GALEGAS

(17 maio)

Como cada ano, dende o centro queremos aportar o noso gran de area na divulgación cultural sobre o autor ao que se lle adican as Letras Galegas. Este ano foi Francisco Fernández del Riego o protagonista.

QUERES VER OS NÓSOS CARTEIS SOBRE A SÚA VIDA???



Saímos do cole

IMOS AO TEATRO

Durante o curso, varias aulas asistimos ao teatro para ver dúas obras: "Os golfiños e o xigante" e "Ás para Álex". Estas saídas resultaron todo un éxito e culminaron cun picoteo nunha cafetería da zona vella.



SAÍDA AO AUDITORIO

Tamén fomos ao auditorio a ver obras musicais.



Vimos a obra de *Nina Ninette* e a de *Bandilandia*. Nesta última, por medio da narración dun conto os nenos e nenas entraron no mundo da banda no que a música nos conta unha historia onde os protagonistas son os instrumentos. O alumnado pasouno xenial.

VISITA AO GADIS

No mes de febreiro realizamos unha visita ao supermercado Gadis, dentro do seu proxecto escolar **Alimentos** para fomentar os hábitos de consumo responsable e alimentación saudable dos máis pequenos.

De alí saímos cun bo agasallo: unha bolsa de tea con auga e unha mazá.



Saímos do cole

A XOGAR CO OBRADOIRO!

Para conmemorar o **Día das Letras Galegas** o club de baloncesto **Monbus Obradoiro** convidou a unha xornada no Multiusos Fontes do Sar a máis de 2.000 escolares de distintos colexios de Santiago e arredores, entre eles o noso centro. Foi unha xornada de diversión, deporte e promoción da lingua galega.



DE PASO POLA CAFETERÍA

Como din os camiñantes que pasan pola Fonte Santa da Cañiza...

“Auga as de beber para que o camiño non se torne do revés”.

Durante a Milla diaria ás veces paramos a tomar auga ou algún zume na parrillada O Establo, preto do noso colexio.



RUTA "SENDA VERDE"

O xoves 14 de xuño, un grupo de rapaces fixemos unha **ruta de sendeirismo** camiñando os últimos 2 km da “*Senda Verde*” de Bertamiráns. Saímos dos arredores do CEIP Agro do Muíño e chegamos ao centro de Bertamiráns. Ao final do percorrido xogamos un ratiño no parque, e tivemos unha pequena recompensa culinaria polo sacrificio feito nun restaurante.




Queres coñecer a ruta?
MERGÚLLATE NA REDE!



Milla Diaria

*"Camiñante, son as túas pegadas,
o camiño e nada máis.
Camiñante, non hai camiño,
faise camiño ao andar".*

ANTONIO MACHADO



De troula!

SAMAÍN

O Samaín, que festexa o fin do verán e da tempada de colleitas, veu cargado de fadas e trasnos.



Fixemos disfraces, experimentos e decoramos os corredores e as aulas con cabzas. Vimos a peli de "Coco", pintamos as caras, creamos caveiras...



MAGOSTO

A festa do magosto deste curso estivo chea de xogos, actividades sensoriais, obradoiros con follas e, como non, dunha degustación de castañas asadas.

Non te perdas o vídeo resumo onde nos verás disfrutando desta xenial festa de outono.



NADAL

Participamos nunha xornada de convivencia na que un grupo de alumnado do CPR Divino Maestro fíxonos unha visita: pintamos a cara, cantamos panxoliñas, montamos un karaoke...



Durante o mes de decembro creamos unha chea de postais de Nadal.

MIRADE QUE BONITIÑAS!



Tamén tivemos a visita dos Reis Magos e Papá Noel, que viñeron cuns saquiños cheos de agasallos para nós.

CANTA EMOCIÓN AO VELOS...



ENTROIDO

Como sabedes, este curso a temática da horta tivo un peso importante no cole. Por iso, no entroido deseñamos uns disfraces axeitados para a ocasión. Tamén fixemos un desfile, obradoiros de máscaras e ata algúns privilexiados fomos á discoteca.



Queres ver uns contos de Nadal?
MERGÚLLATE NA REDE!



Onde está Papá Noel?



Feliz Navidad

CONCERTOS

Tivemos a sorte de recibir no noso centro ao divertidísimo César (Cé Orquestra Pantasma) coa súa proposta multiinstrumental que nos fixo bailar e gozar.



Tamén nos deleitou coa súa proposta o Grupo De Tapas, da fundación IgualArte, no contexto da súa xira "Música a flor de pel" polos Centros de Educación Especial.



TEATRO NA BARCIA

Non só recibimos a visita de grandes artistas galegos externos ao centro... No cole tamén temos un elenco de actores e actrices que nos prepararon un par de obriñas de teatro de contos tradicionais.

CARAPUCHIÑA VERMELLA



OS TRES PORQUÍÑOS



Obra de Carapuchiña



OS MAIOS



A "Festa dos Maios", que supón o final do inverno e a chegada da primavera, tivo tamén un oco na nosa axenda. Un non: tres. O primeiro día recollemos froitos, fiúncho e flores; o segundo fixemos clasificación a base de enxeño, cor e paciencia; e no terceiro montamos unha estrutura de madeira adornada con froitos e flores que logo lucimos nun desfile polo patio acompañado de gaitero e pandeireteiras/os.



OLIMPIÁDAS CON ASPAMITE



O 14 de xuño celebramos as primeiras Olimpíadas organizadas por **ASPAMITE** co CEE A Barcia, que tiveron lugar no noso centro. Nesta cita olímpica non houbo probas de velocidade nin de salto, pero si equilibrios, emocións, risas e moita convivencia.

Grazas á **ANPA** do noso centro por prepararnos unha rica merenda para coller forzas antes de comezar os xogos.

FESTA FIN DE CURSO

E rematamos o curso cunha festa por todo o alto! Pasamos unha xornada chea de sorpresas e emocións, na que non houbo tempo para o aburrimiento.

XOGAMOS COS CANS



INCHABLE DE ANIMAIS



TOBOGÁN XIGANTE

FESTA DA ESPUMA



C.P. EMOCIÓNA-T

Despedidas



Neste curso aprendemos que o coidado e o esforzo diario ten os seus froitos e que cada plantiña ten os seus propios ciclos de vida. E os ciclos, ao igual que comezan, deben rematar.


Co fin deste curso péchase tamén unha etapa para unha xeración que durante anos nos brindou momentos maravillosos. Uns rapaces e rapazas que creceron connosco, que cruzaron barreiras, que caeron e se levantaron da man de moitos profesionais que, con agarimo, vimos como se nos facían maiores.

Dende o voso cole, a vosa segunda casa, agardamos que esta nova etapa vos agasalle con todo o que merecedes.



Tamén despedimos a compañeiros/as, mestres e profesionais non docentes, que formaron parte da familia barciana e aos cales lles desexamos moita sorte nos seus novos camiños.

MOITA SORTE E ATA SEMPRE!



Os símbolos pictográficos utilizados son propiedade do Goberno de Aragón e foron creados por Sergio Palao para ARASAAC (<http://www.arasaac.org>), que os distribúe baixo Licencia Creative Commons BY-NC-SA.

ORBALLO

Revista Escolar

2022-2023